

ALVARELLOS EDITORA PUBLICARÁ O LIBRO DAS TRECE CIDADES PATRIMONIO DA HUMANIDADE DE ESPAÑA

- Foi a empresa seleccionada polo xurado do Grupo de las Ciudades Patrimonio de la Humanidad para editar unha obra de prestixio na que participarán trece recoñecidos escritores e outros tantos fotógrafos.

Alvarellos Editora resultou elexida pola Comisión de Medio Ambiente do Grupo das trece Ciudades Patrimonio de la Humanidad de España para dirixir e publicar a obra PATRIMONIO NATURAL, un volume de prestixio no que participarán trece recoñecidos escritores e outros tantos fotógrafos e onde se poñerá en valor o patrimonio medioambiental de cada un destes trece enclaves únicos do noso Estado.

O libro será editado en castelán coa versión dos textos en inglés e terá unha tiraxe de 11.000 exemplares, unha parte deles serán comercializados por Alvarellos Editora por toda España. Incluirá así mesmo un DVD multimedia tipo “flash shockwave” cos contidos da obra en formato dixital e animados. A obra sairá á venda en decembro.

Tal e como anunciou hoxe o Concello de Santiago (pois a Concellaría de Medio Ambiente está integrada nesa Comisión das trece cidades [http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?lg=gal&id_nova=6269] esta obra “dá resposta, por unha banda, á crecente preocupación social e das administracións pola sostibilidade e pola aplicación de programas de xestión e planificación do desenvolvemento urbano que respecten e fomenten o medio natural, o que se coñece como ‘a transformación do territorio en paisaxe’. Por outra banda, responde tamén a esa crecente demanda da veciñanza das cidades e das persoas que as visitan que procuran circuitos alternativos: zonas verdes, espazos naturais, parques e xardíns, especies propias de flora e fauna...”

O capítulo de Santiago de Compostela será realizado por Marilar Aleixandre nos textos e Fuco Reyes nas fotografías. Outros autores participantes serán o premiado poeta canario Arturo Maccanti, o biólogo marino premio Wildlife-Photographer of the Year 2004 Manu San Félix, ou o científico e explorador Eduardo Martínez de Pisón, entre outros, ata unha lista total de 26 co-autores e fotógrafos.

Para o responsable de Alvarellos Editora, Henrique Alvarellos, “publicar este libro dános unha oportunidade única de difusión do noso traballo por toda España. Por outra banda, consideramos que poñer en valor o patrimonio natural destas cidades, con Santiago á fronte, é un atractivo moi suxestivo para calquera visitante”.

O Grupo das Ciudades Patrimonio de España está integrado por Alcalá de Henares, Ávila, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Ibiza/Eivissa, Mérida, Salamanca, La Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Toledo e Tarragona.

Saúdos cordiais,
Área de Comunicación de Alvarellos Editora



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info